



**ACTA Nº 4 DA MESA DE CONTRATACIÓN.  
CONTRATO “SUMINISTRACIÓN MEDIANTE ARRENDAMENTO CON MANTEMENTO  
 (“RENTING”) DE CINCO VEHÍCULOS PARA O CONCELLO DE PORTO DO SON”.**

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

- D. José Luis Oujo Pouso (Alcalde-Presidente).

**Vogais:**

- D. Antonio Romero Ribeiro (Concelleiro Delegado de Prom. Económica).
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Mar Lirola Delgado (interventora do Concello).
- D. José Manuel González García (secretario do Concello).

**Secretaria:**

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Carmen Monzón Rodríguez (auxiliar administrativa do Concello).

**HORA DE INICIO:** 11:55 horas.

**HORA DE REMATE:** 12:05 horas.

Na Alcaldía do Concello de Porto do Son, o **18 de outubro de 2017**, reúnese a Mesa de Contratación designada no procedemento para adxudicar o contrato “Subministración mediante arrendamento con mantemento (“renting”) de cinco vehículos para o Concello de Porto do Son” (cláusula 19ª do prego de cláusulas administrativas particulares), baixo a presidencia de D. José Luis Oujo Pouso e coa asistencia dos vogais que se relacionan á marxe, ao obxecto de tratar os asuntos que se indican a continuación:

Non asiste D<sup>a</sup>. María José Maneiro Quintáns, Concelleira Delegada de Facenda.

Verifícase o cumprimento do quorum esixido pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

**ÚNICO.- Clasificación das proposicións presentadas polos licitadores no procedemento para adxudicar o contrato “Subministración mediante arrendamento con mantemento (“renting”) de cinco vehículos para o Concello de Porto do Son”.**

Por indicación do Sr. presidente, o secretario do Concello dá conta dos seguintes extremos:

a) Do informe de avaliación dos criterios de adxudicación de aplicación automática mediante fórmulas e da puntuación acadada polos licitadores, de conformidade co previsto na cláusula 15ª do prego de cláusulas administrativas particulares, que é a seguinte:

**LOTE 1: subministración de 3 furgonetas.**

**- Prezo mensual (ata 30 puntos):**

LICITADORES	OF. ECONÓM.	BAIXA (%)	TEMERARIA	PUNTOS
ANDACAR 2000, S.L.	1.065,00 €	6,85	NON	<b>9,25</b>
CRONORENT, S.L.	1.086,60 €	4,65	NON	<b>6,58</b>
POSADA MENÉNDEZ, S.L.	867,00 €	23,95	SI	<b>30,00</b>

**- Prezo de cargo ou abono por exceso ou defecto de quilometraxe (ata 5 puntos prezo de cargo e ata 5 puntos prezo de abono).**

LICITADORES	CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN		
	Abono defecto km	Cargo exceso km	PUNTOS
ANDACAR 2000, SL	2,06	1,52	<b>3,58</b>
CRONORENT, SL	1,88	2,50	<b>4,38</b>
POSADA MENÉNDEZ, SL	5,00	5,00	<b>10,00</b>





**- Puntuación total:**

LICITADORES	Prezo mensual	Prezo abono	Prezo cargo	TOTAL
ANDACAR 2000, S.L.	9,25	2,06	1,52	<b>12,83</b>
CRONORENT, S.L.	6,58	1,88	2,50	<b>10,96</b>
POSADA MENÉNDEZ, S.L.	30,00	5,00	5,00	<b>40,00</b>

**LOTE 2: subministración de 2 todoterreo.**

LICITADORES	OF. ECONÓM.	BAIXA (%)	TEMERARIA	PUNTOS
ANDACAR 2000, S.L.	900,00 €	37,93	SI	<b>30,00</b>
CRONORENT, S.L.	1.296,60 €	10,61	NON	<b>8,96</b>

**- Prezo de cargo ou abono por exceso ou defecto de quilometraxe (ata 5 puntos prezo de cargo e ata 5 puntos prezo de abono).**

LICITADORES	CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN		
	Abono defecto km	Cargo exceso km	PUNTOS
ANDACAR 2000, SL	5,00	3,03	<b>8,03</b>
CRONORENT, SL	4,55	5,00	<b>9,55</b>

**- Puntuación total:**

LICITADORES	Prezo mensual	Prezo abono	Prezo cargo	TOTAL
ANDACAR 2000, S.L.	30,00	5,00	3,03	<b>38,03</b>
CRONORENT, S.L.	8,96	4,55	5,00	<b>18,51</b>

b) Dáse conta, igualmente, de que as ofertas económicas presentadas polos licitadores que se relacionan a continuación teñen a consideración de anormais ou desproporcionadas, atendendo aos criterios fixados na cláusula 17ª do prego de cláusulas administrativas particulares:

**LOTE 1: subministración de 3 furgonetas:**

- POSADA MENÉNDEZ, S.L.

**LOTE 2: subministración de 2 todoterreo.**

- ANDACAR 2000, S.L.

c) Da clasificación, por orde decrecente de puntuación, das proposicións dos licitadores:

**LOTE 1: subministración de 3 furgonetas:**

ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN
1	POSADA MENÉNDEZ, SL	<b>44,00</b>
2	ANDACAR 2000, SL	<b>18,83</b>
3	CRONORENT, SL	<b>14,96</b>

**LOTE 2: subministración de 2 todoterreo:**

ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN
1	ANDACAR 2000, SL	<b>44,03</b>
2	CRONORENT, SL	<b>25,01</b>





Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, por unanimidade, **ACORDA:**

**Único.-** Requirir aos empresarios POSADA MENÉNDEZ, S.L. (lote 1) e ANDACAR 2000, S.L. (lote 2), cuxas ofertas económicas conteñen valores anormais ou desproporcionados e se atopan incursas en temeridade, para que no prazo de cinco (5) días naturais xustifiquen as súas ofertas.

Porto do Son, 18 de outubro de 2017.

**Presidente,**

  
D. José Luis Oujo Pouso.

**Vogal,**

  
D. Antonio Romero Ribeiro.

**Vogal,**

  
D.ª M.ª Mar Lirola Delgado.

**Vogal,**

  
D. José Manuel González García.

**Secretaria,**

  
D.ª M.ª Carmen Monzón Rodríguez.

